

# CIRCULAR 262

INFORMATIVA DO  
COLEXIO OFICIAL DE  
PSICOLOXÍA DE GALICIA

NOVEMBRO 2016

NON-VIOLENCIA DE  
XENERO



## XUNTA DE GOBERNO



### **Mª Rosa Álvarez Prada**

Decana



### **Hipólito Puente Carracedo**

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación / Responsable da Páxina Web



### **Mª Concepción Prado Álvarez**

Vicesecretaria / Responsable de Emprego e do Fondo Bibliográfico e Psicométrico.



### **Miguel Ángel Chouza Ponte**

Tesoureiro / Responsable de Servizos Colexiais e de formación.



### **Olegaria Mosqueda Bueno**

Vogal / Coordinadora coa Sección de Psicología Educativa.



### **José Luis Domínguez Rey**

Vogal / Responsable da Circular Informativa, Correspondente de Infocop e Coordinador coa Sección de Psicología do Traballo e das Organizacións.



### **Ana Isabel Martínez Arranz**

Vogal / Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE).



### **Eva Muíño Gómez**

Vogal / Coordinadora do Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade.



### **José Manuel Oreiro Blanco**

Vogal / Responsable de Cadernos de Psicología e Coordinador coas Seccións de Psicología da Intervención Social e Xurídica.



### **Marta Rivas Rodríguez**

Vogal / Coordinadora coa Comisión de Ética e Deontoloxía.



### **Mª Concepción Rodríguez Pérez**

Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero e Responsable de Dinámica Sociocultural.



### **Víctor Manuel Torrado Oubiña**

Vogal / Coordinador coa Sección de Psicología e Saúde.

## PRÓXIMA CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG

Será a N° 263 de novembro/décembro de 2016,  
e sairá a principios do mes de xaneiro de 2017.  
A información terá que ser remitida como data límite  
o 15 de decembro.

|    |                                                                                   |
|----|-----------------------------------------------------------------------------------|
| 5  | <b>Información Xeral</b>                                                          |
| 21 | <b>Información das Seccións</b>                                                   |
| 28 | <b>Comisión de Ética e Deontoloxía</b>                                            |
| 30 | <b>Comisión para a Defensa da Profesión<br/>e para a Prevención do Intrusismo</b> |

## EDITORIAL

---

### **A loita contra a pobreza, o gran reto pendente**

Un premio é un motivo, polo xeral, de celebración, pero pode significar moito máis. É recoñecemento, é alento, é confirmar que o rumbo emprendido é o correcto. Hai oito anos desde que constituímos o premio Dolores Llópiz, en memoria dunha querida compañeira, co que pretendemos recoñecer á persoa, á institución ou ao colectivo que teña colaborado contribuíndo ao desenvolvemento da psicoloxía.

Neste 2016, a Xunta de Goberno decidiu outorgarllo á Rede Galega de Loita contra a Pobreza por unha morea de razóns que podemos sintetizar nunha soa palabra: dignidade. Cada unha das entidades membro da Rede son merecedoras do noso recoñecemento. Vinte e un socios directos e 126 entidades de primeiro nivel que traballan día a día con colectivos en situación de vulnerabilidade e dá voz a persoas que sofren con virulencia as consecuencias da exclusión e que non atopan outra posibilidade de representación nunha sociedade na que se ten incrementado notablemente a pobreza e o risco de padecela.

Tense incrementado, pero o problema da pobreza é estrutural. Dúas de cada tres persoas que están en risco de exclusión hoxe en día, xa o estaban en 2007, antes da crise. E daquela todo era crecemento, ninguén lembra que se falase de pobreza, de exclusión. Eran os tempos da «Champions League» e, daquela, a pobreza era algo invisible.

Desde o COPG quixemos destacar deste modo o labor do terceiro sector, que nun momento no que a resposta do estado do benestar require unha esixencia maior, paradoxalmente veuse minguado con políticas de austeridade. Diante do espectacular incremento das necesidades sociais, as organizacións non lucrativas son as que están a asumir boa parte desa responsabilidade. Nos últimos oito anos incrementouse a fractura social, pero temos visos para o optimismo: a pobreza, a exclusión, entraron no debate. Estamos diante dun problema que non é froito dun ciclo económico, senón que temos a oportunidade de reconsiderar que modelo de sociedade queremos.

A loita contra a pobreza é o maior reto que temos como sociedade, xa que del depende en boa parte o benestar de moitos e moitas cidadás. Temos a oportunidade de construír unha sociedade máis xusta, máis solidaria, máis igualitaria. Non falamos de caridade, falamos de xustiza. A exclusión é unha gravísima vulneración dos dereitos humanos, pola cantidade de xente á que afecta e polos efectos que produce, efectos que tamén se manifestan a nivel psicolóxico.

Por iso, desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia queremos enxalzar a esencial actuación da Rede Galega de Loita contra a Pobreza, pola súa incidencia política, dado que a saída da pobreza pasa ineludiblemente por políticas públicas decididas e suficientemente dotadas que poñan fin ás causas desa carestía e que palíen os efectos producidos.

Coa concesión do premio Dolores Llópiz 2016 desexamos destacar a loita contra a actitude determinista predominante no relativo á pobreza, sabedores e sabedoras de que podemos conseguir unha sociedade igualitaria e máis xusta. E destacamos o seu labor en contra dos prexuízos, dos estereotipos e da estigmatización das persoas en situación de carestía na sociedade.

Nesa loita atoparán a man amiga do colectivo profesional da psicoloxía, o noso compromiso e a nosa solidariedade.

## Relacións Institucionais

---

A decana do COPG, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada asistiu:

■ Á reunión do Pleno do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela, en representación da Unión profesional de Galicia, da que o COPG forma parte, os días 7 de xullo e 10 de outubro.

■ Ás reunións da Asemblea e do Pleno de Unión Profesional de Galicia celebradas en Santiago de Compostela o 29 de xullo.

■ Á xuntanza coa secretaria xeral, Beatriz Cuiña Barja, da Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, o 7 de outubro, co fin de tratar da situación económica do Programa de atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero, e complementariamente para as súas fillas e fillos menores e outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero (PAPMVX) e do Programa «Abramos o Círculo».

---



M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada

M<sup>a</sup> Leonor Galiana Caballero, vicepresidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, participou na sesión extraordinaria do Pleno do Consello Galego de Benestar Social celebrada o 1 de xullo en Santiago de Compostela.

---



Leonor Galiana Caballero

M. Teresa Hermida Pérez, vogal da Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG, asistiu o 14 de xullo á xuntanza con motivo da publicación no DOG do día 1 de xullo, da resolución da Secretaría Xeral da Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das axudas do programa Emega para o fomento do emprendemento feminino en Galicia, organizada pola Secretaría Xeral da Igualdade de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia.

---



M<sup>a</sup> Jesús López Cernadas

M<sup>a</sup> Jesús López Cernadas, presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, asistiu o 15 de xullo e o 2 de setembro ás xuntanzas da mesa de traballo para o estudo

da situación das persoas sen teito-transeúntes e dos recursos, organizadas pola Concellaría de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde do Concello de Santiago de Compostela.

---

## En representación do Colexio

---

A decana do COPG, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada participou:

■ No acto de inauguración do «IV Congreso Internacional de Ciencias da Educación e do desenvolvemento», organizado pola Universidad de Granada, que tivo lugar o día 23 de xuño en Santiago de Compostela.

■ Na recepción cidadá celebrada en Santiago de Compostela o 15 de xullo con motivo do inicio e pregón das Festas do Apóstolo 2016.

■ No acto de clausura do «Máster en mediación», organizado pola Facultade de Dereito de Santiago de Compostela, que tivo lugar o 22 de xullo en Santiago de Compostela.

■ No «I Congreso Internacional de Mediación, arbitraje e compliance: alternativas de solución de conflitos no século XXI», organizado pola Asociación Gallega de Mediadores (AGaMe) e celebrado en Vilagarcía de Arousa os días 8, 9 e 10 de setembro.

■ No 3º Congreso da Ordem dos Psicólogos Portugueses, celebrado na cidade do Porto (Portugal) o 30 de setembro, participaron 1.800 psicólogos e psicólogas. Estivo centrado na unidade na diversidade da psicoloxía, coa intervención psicolóxica nas súas múltiples áreas como obxecto da súa maior atención.

■ En Santiago de Compostela ás Xornadas «Conciliación e corresponsabilidade. Boas prácticas», organizadas pola Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes, do Consello Galego de Relacións Laborais, o 4 de outubro.

■ No acto institucional con motivo do Día Internacional da Erradicación da Pobreza, organizado pola Rede Galega de Loita contra a Pobreza (EAPN Galicia) xunto ao CERMI Galicia e a Coordinadora Galega de ONGD e coa acollida da Valedora do



M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada

Pobo de Galicia, celebrado o 17 de outubro en Santiago de Compostela. No mesmo marco foron presentados os últimos datos referidos a Galicia incluídos no informe «Estado da pobreza 2016» de EAPN España.

---



Rocío García Calvo

Rocío García Calvo asistiu o 16 de xuño á reunión do Movemento Galego da Saúde Mental (MGSM), do que o COPG forma parte.

---

Guadalupe Oroña Quintáns, membro do Grupo de Traballo de Psicoxerontoloxía da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, asistiu o 1 de setembro á reunión do Grupo de Traballo en Demencias da Federación Alzhéimer Galicia (FAGAL). Asistiu tamén á «I Xornada sobre a situación das persoas sen fogar en Compostela» que tivo lugar o 27 de outubro en Santiago de Compostela, organizada pola Concellaría de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde do Concello de Santiago de Compostela.

---



Fátima López Rodríguez

Fátima López Rodríguez, coordinadora do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que sofren violencia de xénero, e complementariamente para as súas fillas e fillos menores e outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero (PAPMVX), participou o 21 de setembro vía videoconferencia no curso «Intervención psicolóxica especializada en servizos de urxencia en violencia de xénero» celebrado en Castellón, organizado polo Col·legi Oficial de Psicòlegs de la Comunitat Valenciana.

---



Olegaria Mosqueda Bueno

Olegaria Mosqueda Bueno, vogal da Xunta de Goberno do COPG, participou o 17 de outubro en Santiago de Compostela na xornada formativa sobre a atención e apoio ao alumnado con enfermidade crónica, organizada polo Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI) da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

O vicedecano e coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación do COPG, Hipólito Puente Carracedo, asistiu ao Encontro en materia de Mediación organizado por Unión Profesional de Galicia, celebrado o 22 de setembro en Vigo.


---

Juan Manuel Bonome Rodal, membro da Comisión Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, asistiu ao acto de entrega do Premio FEGADACE-Miguel Blanco que tivo lugar durante o «V Foro de familias de persoas con dano cerebral adquirido», o pasado 2 de xullo na Coruña.

---

M<sup>a</sup> Concepción Rodríguez Pérez, vogal da Xunta de Goberno e coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero do COPG, participou o 27 de outubro en Santiago de Compostela na Mesa de traballo de Violencia de Xénero, organizada polo Centro de Información á Muller (CIM) da Concellaría de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo do Concello de Santiago de Compostela.

---



Hipólito Puente Carracedo



M<sup>a</sup> Concepción Rguez. Pérez

## O COPG e o Consejo General de la Psicología

---

A decana do COPG, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, asistiu ás reunións de Xunta de Goberno e de Xunta Xeral do Consejo General de la Psicología, que se celebraron o 18 de xuño en Madrid. Asistiu tamén á reunión do grupo de traballo da Área de Psicoloxía e Igualdade de Xénero do Consejo General de la Psicología celebrado en Palma de Mallorca os días 1 e 2 de xullo.

---

A coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do COPG, Ana Isabel Martínez Arranz, asistiu á reunión da Área de Intervención Psicolóxica en Emerxencias e Catástrofes do Consejo General de la Psicología o 25 de xuño en Madrid. Asistiu tamén o 21 de outubro en Madrid



Ana Isabel Martínez Arranz



á xornada de formación dirixida a todas as persoas coordinadoras das Áreas de Emerxencias dos COPs e integrantes dos Grupos de Intervención Psicolóxica en Emerxencias dos Colexios Oficiais de Psicoloxía.

M<sup>a</sup> Elena Seoane de la Fuente, vogal da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, asistiu ás «III Xornadas Nacionais de Psicoloxía do envellecemento», organizadas polo Consejo General de la Psicología, e celebradas os días 6 e 7 de outubro en Madrid.

---

Olivia Losada Díez, vogal da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, asistiu á reunión do Grupo de Traballo de Psicoloxía do Envellecemento do Consejo General de la Psicología, que se celebrou o 8 de outubro en Madrid.

---



Manuela del Palacio García

Manuela del Palacio García e Purificación Alberte Iglesias, presidenta e vogal respectivamente da Sección de Psicoloxía Educativa do COPG, asistiron ás «I Xornadas Estatais de Psicoloxía Educativa. Respostas da psicoloxía educativa aos retos educativos na sociedade actual», que se celebraron os días 28 e 29 de outubro en Madrid, organizadas polo Consejo General de la Psicología e o Colegio Oficial de Psicólogos de Madrid. Tamén asistiu a estas xornadas Hipólito Puente Carracedo, vicedecano do COPG e vogal da División de Psicoloxía Educativa do Consejo General de la Psicología e a decana do COPG, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada. Manuela del Palacio García, presidenta da Sección de Psicoloxía Educativa do COPG tamén asistiu ao II Encontro Anual Interterritorial de Psicoloxía Educativa dos Colegios Oficiais de Psicología, que se celebrou o día 29 de outubro en Madrid.

---



José Luis Domínguez Rey

José Luis Domínguez Rey asistiu á reunión da xunta directiva da División de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións e os Recursos Humanos (PTORH) do Consejo General de la Psicología que tivo lugar en Madrid o pasado 29 de outubro para tratar o proceso de normalización da norma ISO TC/260 sobre as boas prácticas na xestión das persoas nas organizacións.

## Apertura de forma permanente a todos os colexiados e colexiadas do (GIPCE)

---

O Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) é un equipo que forma parte do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, e desde o ano 1997 conta cun convenio coa Xunta de Galicia para a súa intervención en emerxencias. É unha rede de psicólogas e psicólogos especializados e formados capaz de dar unha resposta eficaz neste tipo de situacións as 24 horas do día durante os 365 días do ano na nosa Comunidade e que interveñen en situacións como accidentes, inundacións, naufraxios, desaparicións, secuestros, situacións de violencia nas que haxa persoas afectadas que precisen atención psicolóxica. Na Xunta de Goberno do 28 de xuño aprobouse o regulamento polo cal o GIPCE se abre de forma permanente a todos os colexiados e colexiadas.

**As persoas colexiadas interesadas en formar parte** é necesario que cumprimenten a solicitude de entrada e o documento de aceptación da normativa interna e regulamento do GIPCE, xunto coa documentación que se solicita no Regulamento dispoñible na páxina web do Colexio

---

## IV Xornadas Nacionais de Psicoloxía do Deporte

---

Os días 25 e 26 de novembro de 2016 celébranse en Santiago de Compostela, na sede do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia as «**IV Xornadas nacionais de psicoloxía do deporte**», organizadas polo Consejo General de la Psicología e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

A estas xornadas poden inscribirse gratuitamente todas as persoas interesadas nesta área de actuación profesional, e daráselle prioridade de admisión ás persoas representantes de Psicoloxía da Actividade Física e o Deporte dos COPs e aos membros da División de PACFD.



Momento do simulacro no Aeroporto do Peinador.  
Foto ano 2015

A inscrición hai que realizala no Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no correo electrónico [copgalicia@copgalicia.gal](mailto:copgalicia@copgalicia.gal), ata o 14 de novembro.

---

## Fallo do IX Concurso Literario «Rosa de Cen Follas»

---

O 13 de setembro celebrouse a xuntanza do xurado do IX Concurso Literario do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia «Rosa de Cen Follas» para deliberar o fallo desta edición.

Nesta ocasión, os premiados son:

Categoría de narrativa:

Gañadora: «*Herdanza*», de Charo Cuba Penabad.

Mención especial: «*Non me lembro do seu nome*», de Sandra Cereijo Romero.

Categoría da poesía:

Gañadora: «*Desparramar os reloxos*», de Rocío Leira Castro.

Mención especial: «*Aguias e barcos*», de Miguel A. Alonso Fernández.

---



## Convocatoria de Axudas para Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo

---

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia mostramos o noso máis profundo rexeitamento e oposición á actual convocatoria de axudas para alumnado con necesidade específica de apoio educativo do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte na que se exclúen os profesionais da psicoloxía. Desde o COPG informamos do seguinte:

- O Consejo General de la Psicología, que reúne a todos os colexios de psicoloxía do Estado, presentou o recurso en contra desta convocatoria.
- Ao mesmo tempo, desde a Sección de Psicoloxía Educativa do COPG elaboramos un documento coa motivación dos argumentos contra as bases publicadas.
- De acordo coa información recabada por parte deste Colexio, as delegacións galegas que xestionan estas becas non van pedir aos titulados e tituladas en psicoloxía ningunha documentación a maiores da declaración responsable conforme se reúnen os requisitos formativos incluída no formulario da propia beca.
- Desde o COPG xa estamos traballando para que na convocatoria de 2017 inclúan os psicólogos e psicólogas como profesionais aptos en cualificación e formación para impartir a reeducación pedagóxica ou da linguaxe.

---

## Día mundial da enfermidade de Alzheimer. 21 de setembro 2016

---

Con motivo de que o 21 de setembro foi o día Mundial do Alzheimer, o Grupo de Traballo de Psicoloxía do Envellecemento do Consejo General de la Psicología elaborou un manifesto que se pode ler no seguinte link: <https://copgalicia.gal/novas/seccion-de-psicologia-da-intervencion-social/dia-mundial-da-enfermidade-de-alzheimer-21-de>.

O propósito desta conmemoración é facer visible a enfermidade e difundir información respecto diso, solicitando o apoio e a solidariedade da poboación en xeral e o compromiso de institucións e organismos oficiais para que se implemente un Plan Nacional de Alzheimer e outras Demencias tal como pide a OMS e que contemple a persoas coidadoras e ex coidadoras.

## O COPG traslada as súas demandas aos principais partidos políticos galegos

---

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia fixo chegar por carta ás candidatas e candidatos dos principais partidos políticos á Xunta de Galicia as súas propostas para a psicoloxía na rede pública. Entre as cuestións que se recollen está a incorporación da psicoloxía nos servizos de atención primaria, o reforzo da atención especializada e a posta en marcha dun plan estratéxico de saúde mental, así como un específico para a prevención do suicidio.

No eido educativo púxose o foco na importancia de incluír o psicólogo ou psicóloga educativa nos centros de ensino público, á vez que se subliñou a importancia de apoiar a atención temperá. No plano dos servizos sociais reclámase a aposta pola atención psicolóxica no plano comunitario, e prestar un servizo específico a persoas en risco de exclusión ou en desemprego de longa duración.

A violencia de xénero e a súa loita é outra das áreas importantes nas que traballar, demandando unha instancia coordinadora única que garanta a atención integral á muller e na que a atención psicolóxica estea garantida.

No mesmo documento insistiuse na importancia de consolidar os equipos de mediación familiar intraxudicial e que este servizo chegue a todas as sedes xudiciais galegas, á vez que se lembrou a oportunidade de estender a mediación a outros ámbitos (penal, civil, mercantil...). Solicitouse o reforzo dos equipos das delegacións territoriais do IMELGA (Instituto de Medicina Legal de Galicia) así como a inclusión de psicólogos e psicólogas nas oficinas de atención ás vítimas.

Son algúns dos aspectos recollidos na carta remitida aos diferentes partidos políticos co obxectivo de garantir a atención psicolóxica na rede pública. O feito de que a atención psicolóxica non estea consolidada, con importantes desequilibrios no propio territorio galego, é un síntoma de inxustiza social e de atraso no noso desenvolvemento como sociedade. E a atención psicolóxica só pode ser prestada por psicólogos e psicólogas; calquera outra solución será un remendo a esta necesidade.

## Xornada do Movemento Galego da Saúde Mental: Pobreza e Saúde Mental

---

O Movemento Galego da Saúde Mental (MGSM), do que o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia forma parte, organizou a Xornada «Pobreza e saúde mental», que se celebrou o 10 de outubro de 2016 en Santiago de Compostela.

---

## Foro Emociona, III Foro de Educación Emocional e Social

---

O 12 de novembro de 2016 tivo lugar no Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia, en Santiago de Compostela, o Foro EMOCIONA, o III Foro de Educación Emocional e Social. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia é entidade colaboradora, polo que se ofrece para os nosos colexiados e colexiadas un desconto. Este foro está dirixido a profesionais da área da educación, do desenvolvemento das persoas e da psicoloxía, centrándose nas competencias emocionais e sociais propias e dos demais.

Para inscribirte co prezo especial con desconto debes empregar este enlace: <http://inscripcion.foroemociona.com/especial>.

---

## Día Internacional das Persoas Maiores. 1 de outubro de 2016

---

Con motivo de que o 1 de outubro foi o Día Internacional das Persoas Maiores, o Grupo de Traballo de Psicoloxía do Envellecemento do Consejo General de la Psicología elaborou un manifesto que se pode ler no seguinte link: <https://copgalicia.gal/novas/dia-internacional-das-persoas-maiores-1-de-outubro-de-2016-0>.

O 1 de outubro celebrouse o Día Internacional das Persoa Maiores, designado o 14 de decembro de 1990 pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas, en seguimento de iniciativas como o Plan de Acción Internacional de Viena sobre Envellecemento. Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia queremos apoiar e potenciar as iniciativas encamiñadas a fomentar o envellecemento saudable, establecer medidas para paliar e dar un mellor confort no envellecemento patolóxico e concienciar a sociedade española dos beneficios que iso leva, lembrando a responsabilidade de cada persoa no seu propio envellecemento.

---

## Trixésima Primeira Edición do FOCAD

---

O 1 de outubro deu comezo a trixésima primeira edición do FOCAD, un programa de Formación Continuada a Distancia do Consejo General de la Psicología, cos seguintes bloques de materiais que os colexiados e colexiadas interesados poderán descargar e imprimir para o seu estudo ata o 31 de decembro de 2016:

- **Violencia filio-parental ou maltrato de fillos a pais**

Estefanía Estévez

Doutora en Psicoloxía Social. Prof. Psicoloxía Evolutiva.  
Universidad Miguel Hernández de Elche.

- **Trastorno do espectro do autismo (TEA)**

M. Araceli Sánchez-Raya<sup>1</sup>, Eduardo Martínez-Gual<sup>2</sup> e  
Juan A. Moriana Elvira<sup>1</sup>

<sup>1</sup> Universidad de Córdoba. / <sup>2</sup> Fundación Termens.

- **Selección de persoal**

Dra. Pamela Alonso<sup>1</sup>, Dra. Silvia Moscoso<sup>2</sup> e

Dr. Jesús F. Salgado<sup>3</sup>

<sup>1</sup> Investigadora Contratada. Universidade de Santiago de Compostela.

<sup>2</sup> Profesora Titular de Psicoloxía do Traballo. Universidade de Santiago de Compostela.

<sup>3</sup> Catedrático de Recursos Humanos e Psicoloxía do Traballo  
Universidade de Santiago de Compostela.

Podes acceder a través de <http://www.cop.es/index.php?page=focad>.

## X Congreso Iberoamericano de Psicología

---

Do 23 ao 25 de setembro celebrouse en Antigua (Guatemala) o X Congreso Iberoamericano de Psicología, ao que acudiron aproximadamente 2.000 profesionais de diferentes países, e que contou con representación do Colexio Oficial de Psicología de Galicia.

A decana do COPG, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, coordinou e participou na mesa redonda «Violencia contra as mulleres: unha mirada desde a psicología para unha abordaxe integral», xunto con Claudia M<sup>a</sup> Sanín, do Colegio Colombiano de Psicología, e Rosario Valdés, da Escuela Libre de Psicología da Universidad de Ciencias del Comportamiento de México ELCAP.

M<sup>a</sup> Concepción Rodríguez Pérez, vogal da Xunta de Goberno e coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero do COPG participou na mesa redonda «Violencia de xénero e familias maltratadas», xunto con Guillermo Matioli, do COP de Catalunya, Carmen Mora, do COP de Extremadura, e Raquel García, do COP de Extremadura. Coordinou a mesa redonda Josep Vilajoana y Celaya, do COP de Catalunya.

---



Momento da intervención de M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, decana do COPG

## 14 de outubro: «Achegas da Psicología»

---

Na súa oitava edición, o programa do encontro colexial Achegas da Psicología ampliou se sensiblemente, tratando de dotar dun interesante e atractivo contido co que configurar unha xornada de intercambio profesional.

O venres 14 comezou coa **recepción na Casa do Concello** por parte do alcalde de Ribadeo, que nos deu a benvinda ao municipio da mariña lucense xunto co decano do Colexio Oficial de Psicólogos do Principado de Asturias, Ramón Vilalta Suárez. No marco da recep-



Momento dos colexiados e colexiadas na recepción na casa do concello.





Durante a entrega do premio Dolores Liópi á Rede Galega da Loita contra a Pobreza



ción, a decana do COPG, Mª Rosa Álvarez Prada, aproveitou para recalcar a importancia da psicoloxía no ámbito comunitario, xa que é o servizo de maior proximidade á cidadanía. Á continuación celebrouse o «**Encontro interterritorial galegoasturiano: retos da psicoloxía na actual contexto socioeconómico**»; repensando a profesión na sociedade», un foro que contou coa participación do decano do Colexio asturiano e da decana do COPG co fin de reflexionar sobre o papel e os retos da psicoloxía na rede pública. Así, abordouse a situación no eido sanitario, no ensino, nos servizos comunitarios e na xustiza. Foi un intercambio realmente enriquecedor que rematou coa conclusión da necesidade de repetir a nivel sectorial este tipo de experiencias cos distintos colexios.



Momento do Encontro interterritorial galegoasturiano

Xa na tarde, tivo lugar a **conferencia «Reescribir o futuro. Historias de exclusión e resiliencia»**, impartida polo relator Francisco Javier Aznar Alarcón. Este psicólogo clínico e máster en Terapia Familiar e en Neurociencias é membro da International Attachment Network Iberoamericana (IAN IA) e especialista en apego e narrativa. É psicoterapeuta no Centro de Asesoramento e Psicoterapia da Fundación Meniños, así como supervisor e consultor de profesionais



Momento do recoñecemento aos psicólogos e psicólogas polos 25 anos de colexiación

e equipos que traballan en atención a menores en situación de risco e desamparo.

Tras esta conferencia tivo lugar unha visita guiada pola vila de Ribadeo na que tivemos a ocasión de descubrir a espectacular arquitectura indiana deste municipio da Mariña lucense. O acto final foi a cea oficial compartida no Parador de Ribadeo na que se fixo entrega do premio Dolores Llópiz - Psicoloxía e Sociedade á Rede Galega da Loita contra a Pobreza, co que se significou o traballo do terceiro sector nestes momentos de particular emerxencia social. Tamén se realizou un recoñecemento a aqueles psicólogos e psicólogas que levan 25 anos de vida colexial ininterrompida.



Durante a intervención do decano do Colexio asturiano e da decana do COPG

## Sinatura dos Convenios de Mediación Intraxudicial

Asináronse recentemente os convenios de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, o Ministerio Fiscal, o COPG e os Colexios de Avogados de Santiago de Compostela e Ourense para o desenvolvemento dos Programas de Mediación Intraxudicial gratuíta en Santiago de Compostela e Ourense para o ano 2016.



Concello de Santiago de Compostela



Momento da sinatura do convenio

## Convenio para implantación dun Protocolo municipal de actuación para a prevención de desafiuzamentos en Compostela

---

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Concello de Santiago de Compostela veñen de asinar un convenio para colaborar na implantación dun Protocolo municipal de actuación para a prevención de desafiuzamentos e a atención das persoas afectadas polos mesmos. Trátase dun programa piloto multidisciplinar no que participarán, ademais de profesionais da avogacía, psicólogas e psicólogos do ámbito da intervención social e comunitaria.

A actuación desenvolverase desde finais de outubro a decembro deste ano, de acordo coas necesidades do programa.

O colexiado ou colexiada que se designe para intervir será quen acredite un maior período de experiencia laboral (contrato, vida laboral) no ámbito da psicoloxía da intervención social e comunitaria.

## Propostas presentadas polo COPG

---

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia presentou propostas de boas prácticas na política social da Xunta de Galicia na procura da igualdade, para o borrador da «Guía para a integración da perspectiva de xénero na política social da Xunta de Galicia».

---

## Medios de comunicación

---

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia difundíronse entre os medios de comunicación, tanto de prensa escrita como audiovisual, distintas notas de prensa. A relación dos comunicados pode ser consultada nos seguintes enlaces da páxina web do Colexio: <http://copgalicia.gal/comunicacion/prensa> e <http://copgalicia.gal/comunicacion/o-copg-nos-medios>.

O COPG está presente nas principais redes sociais. De seguido reproducense os enlaces de acceso ás mesmas:

-  <https://www.facebook.com/copgalicia>
-  [@copgalicia](https://twitter.com/copgalicia)
-  <http://www.linkedin.com/groups/Colexio-Oficial-Psicolog%C3%ADa-Galicia-4811703/about>



VARELA VÁZQUEZ  
LUANA

G-7542  
Número de colexiado/a

5562  
Número de rexistro



Luana Varela Vázquez

**O teu número  
de colexiación  
ten moito valor  
faino ver**

—  
Pola defensa  
da profesión

—  
Pola loita contra  
o intrusismo

—  
Para outorgarnos forza  
e representatividade  
como colectivo

## INFORMACIÓN DAS SECCIÓN

A información que aparece neste apartado é elaborada e remitida por cada *Sección*, *Comisión* ou *Grupo de Traballo* do COPG tendo como data límite o 15 de cada mes par.

### SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL

A Sección de Psicoloxía da Intervención Social retomou a súa actividade cunha reunión dos membros da Xunta Directiva que tivo lugar o pasado sábado 17 de setembro. Así mesmo, convocouse para o sábado día 5 de novembro a Asemblea Anual de Socios e Socias da Sección de Psicoloxía da Intervención Social na cal valoraron as actividades realizadas e se presentou o balance anual de contas.

O mesmo día tivo lugar unha xornada formativa que abordou o tema da saúde emocional da psicoloxía da intervención social, impartida por Lorena Nieto Iglesias, membro do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE), expuxo os principais factores estresores e reaccións habituais das e dos profesionais da intervención social. Ao mesmo tempo, tamén sinalou as recomendacións oportunas e as diversas técnicas de afrontamento e manexo das emocións «en crise» como medidas de prevención en saúde emocional.

#### A psicoloxía coas persoas refuxiadas

M<sup>a</sup> Jesús López Cernadas, presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social, asistiu como relatora á *III Conferencia Internacional en España: «Deporte e actividades culturais como medio para a integración de inmigrantes e refuxiados»*.

Este é un proxecto levado a cabo pola European Local Authorities Integration Network (ELAINE) que está enfocado ao intercambio de experiencias e boas prácticas en relación coa integración de inmigrantes e refuxiados, tivo lugar en Catoira (Pontevedra) o 9 de setembro de 2016. Durante a súa intervención, M<sup>a</sup> Jesús López Cernadas, abordou os aspectos máis importantes a traballar desde o ámbito da psicoloxía da intervención social con persoas refuxiadas.

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía da Intervención Social da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/secciones/intervencion-social>

---

## SECCIÓN DE PSICOLOXÍA EDUCATIVA

---

A Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Educativa elaborou en colaboración coa responsable da asesoría xurídica do COPG, Cecilia Barros Díaz, un documento reivindicando para a inclusión dos psicólogos/as na listaxe de profesionais que poden intervir na reeducación psicopedagóxica e logopédica das axudas ao alumnado con necesidades específicas de Apoio Educativo tal e como constaba en anteriores convocatorias. Dito documento está dispoñible na páxina web do COPG.

O día 1 de outubro tivo lugar o obradoiro «Intervención no acoso escolar» impartido por José M<sup>a</sup> Avilés, doutor en psicoloxía e xefe do departamento de orientación do IES Parquesol de Valladolid. Profesor asociado no Departamento de Psicoloxía da Facultade de Educación e Traballo Social de Valladolid e investigador en bullying e cyberbullying coordinado pola secretaria da Sección, M<sup>a</sup> Asunción Teijeira Bautista. Desenvolveuse na Facultade de Psicoloxía e o seu obxectivo consistiu en facilitar ferramentas e pautas preventivas e de intervención na abordaxe do maltrato entre iguais dende un enfoque práctico, contou con un alto índice de participación.

A presidenta da Sección, Manuela del Palacio García, e a vogal Purificación Alberte Iglesias, asistiron ás I Xornadas Estatais de Psicoloxía Educativa, que se celebraron en Madrid os días 28 e 29 de outubro, onde se tentou dar resposta aos retos educativos na sociedade actual desde o ámbito da Psicoloxía Educativa. Fíxose unha análise rigorosa da Psicoloxía Educativa e da situación dos profesionais que interveñen neste campo de actuación profesional. Púxose de manifesto o valor que supón para o ámbito educativo as achegas que se poden levar a cabo desde a neuropsicoloxía, así como a importancia que adquiren cuestións como a convivencia, a resolución de conflitos entre iguais ou a atención especializada que debemos prestar ás necesidades emocionais do alumnado. Outras cuestións como a importancia de reivindicar a figura do/a psicólogo/a educativo/a, adquirir un maior compromiso profesional no ámbito da educación ou dotar



Momento do Obradoiro:  
intervindo no acoso escolar

*Enlace ao apartado da  
Sección de Psicoloxía  
Educativa da páxina web  
do COPG: [https://copgali-  
cia.gal/seccions/educativ](https://copgali-<br/>cia.gal/seccions/educativ)*

de maior rigor científico e profesional as actuacións mediante a conexión do ámbito académico e profesional tamén foron materia de debate nas I Xornadas Estatais de Psicoloxía Educativa. Finalmente, abordáronse cuestións como a falta de medios e apoio institucional para dar resposta aos novos retos e necesidades do alumnado na sociedade actual, o excesivo número de alumnado por psicólogo/a ou a diversidade e complexidade das tarefas a levar a cabo para dar resposta á comunidade educativa: alumnado, profesorado e familias.

---

## SECCIÓN DE PSICOLOXÍA E SAÚDE

---

Este ano as XXI Xornadas da Sección de Psicoloxía e saúde levan por título «*Os contextos de saúde e a saúde dos contextos*». Agardamos que sexan un espazo onde compartir ideas e recadar información de interese, tanto nos **obradoiros** previos (adicados ao traballo con persoas que oen voces e ao mindfulness), como nas distintas **conferencias e mesas** ás que podemos asistir ao longo destes días, centradas na análise dos distintos tipos de contextos onde levamos a cabo a noso labor, en como estes inflúen na asistencia que se presta e no seu estado actual e perspectivas de futuro.

As Xornadas ofrecen ademais a presentación do **Anuario** así como a **Asemblea** anual de socios/as da Sección de Psicoloxía e Saúde.

### Grupos de traballo

Desde o Grupo de Traballo de **Neuropsicoloxía** continúa a planificación da actividade formativa e é por iso que están a traballar no próximo curso adicado á intervención neuropsicolóxica nos trastornos do espectro autista.

O Grupo de traballo sobre **Psicoloxía Clínica en Atención Primaria** organizou unha Xornada de Traballo sobre o tema, co fin de coñecer o modelo catalán de atención psicolóxica en Atención Primaria e deseñar propostas e modelos de actuación adaptados á comunidade autónoma galega. Para iso contaron coa parti-



XXI Xornadas da Sección de  
Psicoloxía e Saúde

cipación de **Miguel Garriz Vera**, psicólogo clínico do Parc de Salut MAR de Barcelona. Nesta xornada, unha das conclusións acadadas foi a necesidade de impulsar a investigación no eido da Atención Primaria e propulsar a formación e os cambios políticos-sanitarios necesarios.

### Formación realizada

O pasado 1 de outubro tivo lugar o curso **Que facer para montar unha consulta de psicoloxía**, o cal contou con 34 asistentes que valoraron positivamente a información achegada pola relatora, **Cristina Veira Ramos**, psicóloga especialista en psicoloxía clínica vía PIR, terapeuta familiar, e tamén directora e fundadora do Centro Andainas Psicología Clínica y Terapia familiar na Coruña.

*Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía e Saúde da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/seccions/psicologia-e-saude>*

---

## SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

---

### Grupo de Traballo sobre Orientación Sociolaboral

Durante o mes de setembro iniciáronse as primeiras reunións de traballo do novo grupo sobre Orientación Sociolaboral, en temas de avaliación, desenvolvemento da carreira counseling e intervención. Tendo como un dos obxectivos intentar garantir a presenza da psicoloxía no ámbito da orientación laboral tanto nas administracións públicas como privadas, o grupo está creando un fondo documental de información sobre casos e competencias profesionais e perfilando un mapa de contidos de actividades formativas.

### Últimas actividades formativas realizadas

- Co obxectivo de debater e presentar proxectos para dar resposta ás demandas das organizacións, o pasado 8 de outubro tivo lugar a Sesión de Traballo «**Ocupando espazos de intervención organizacional. Persoas, recursos e contextos laborais**» na que se abordaron distintos escenarios na área da xestión de recursos humanos. Contouse coa presenza de Ana Entenza Vidal, directora de desenvolvemento de proxectos de Ega Consulto-





Momento da Sesión de Traballo «Ocupando espazos de intervención organizacional. Persoas, recursos e contextos laborais»

res que expuxo os desafíos dos e das profesionais de PTO no ámbito da Consultoría externa.

En canto á intervención do psicólogo/a PTO nas organizacións e recursos tecnolóxicos, retos e novas competencias, disertou Julio González Morandeira, director de Emera Consultoría e Tecnoloxía.

Finalmente, Carlos Montes Piñeiro, coordinador do Grupo de Traballo en Saúde e Benestar Ocupacional da Sección, expuxo as novas estratexias europeas sobre a promoción da saúde no traballo e os sistemas de avaliación e intervención para crear espazos laborais saudables.

- O 22 de outubro celebrouse un Foro sobre «**Intervencións psicosociais na prevención de riscos laborais: da teoría á práctica**» con intervencións que ilustran o papel da psicoloxía do traballo na prevención e nas actuacións organizacionais nas áreas de ergonomía e psicopsicología aplicada.

Carlos Martínez Corral, psicólogo do traballo e técnico superior en prevención de riscos laborais, abordou o papel das TICs no deseño de programas de xestión de estrés e as aplicacións formativas sobre o estrés laboral baseada na *gamificación*.

Pola súa banda, María del Mar Arias Matilla, técnica de prevención e psicoloxía da Área de Sinistralidade de Mutua Universal, falou sobre as avaliacións de riscos psicosociais que se realizan nas empresas galegas na actualidade.

Por último, María Jesús Copa Arias, xefa da Sección de Ergonomía e Psicopsicología Aplicada do ISSGA, exemplificou os ámbitos

de actuación da Administración Pública: desde a sensibilización mediante campañas de información á asistencia e o apoio técnico ás empresas na implantación de melloras concretas das condicións de traballo.



Durante a celebración do Foro «Intervencións psicosociais na prevención de riscos laborais: da teoría á práctica»

### Certificado Europsy Especialista PTO

Ao longo dos últimos meses informouse sobre a evolución do proceso de acreditación Europsy especialista en Psicoloxía do

Traballo e das Organizacións. Ponse en coñecemento das persoas colexiadas que está aberto o prazo para a presentación de solicitudes do citado certificado, o cal se pode solicitar pola vía «ordinaria» ou ben pola vía de «veteranos expertos».

A información sobre os requisitos e trámites administrativos podes consultalos no seguinte enlace: <http://www.europsy.cop.es/index.php?page=Trabajo-Introduccion>

*Enlace ao apartado da Sección de Psicología do Traballo e das Organizacións da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/seccions/traballo-e-das-organizacion>*

## GRUPO DE INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS (GIPCE)

O pasado 9 de xullo celebrouse en Peinador, Vigo, o Simulacro Xeral Aeronáutico, no que participaron cinco membros do GIPCE. O día 15 tivo lugar unha reunión, á que asistiu Julita Mª Touriño como coordinadora dos membros do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias. Neste encontro abordouse de forma xeral o desempeño dos diferentes participantes e valoráronse algunhas propostas de mellora de cara a optimizar os recursos e as actuacións, nunha posible situación real.

Na Xunta de Goberno celebrada o pasado 28 de xuño aprobouse o Regulamento Interno do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias, mediante o cal se abre de xeito per-



Momento do Simulacro Xeral Aeronáutico, celebrado no Peinador

manente o grupo a todos os colexiados e colexiadas interesados en pertencer ao mesmo.

Desde o mes de xullo quedou aberta a posibilidade de presentar a solicitude de incorporación, desde o Colexio comunicouse a través do correo electrónico esta nova e tamén se fixo chegar o modelo de solicitude de incorporación ao grupo.

Para obter máis información visitar o enlace, ao grupo.

O día 12 de novembro celebrouse unha xornada formativa «Intervención psicolóxica no accidente aéreo de Germanwings», que foi impartida por Andrés Cuartero Babanoj, psicólogo especialista en psicoloxía clínica, director de SIPS serveis integrals de psicología, Sociedad Civil Profesional, e coordinador de diferentes servizos de atención psicolóxica en incidentes críticos.

No desenvolvemento da xornada presentouse o modelo de atención psicolóxica en catástrofes e emerxencias en Cataluña e os procedementos relativos ao sistema de emerxencias médicas e os recursos de atención psicolóxica, cuxa organización tivo lugar en diferentes momentos e escenarios: centro de información a afectados, familiares, atención domiciliaria, desprazamento dos familiares e recepción de féretros no aeroporto.

*Enlace ao apartado do  
Grupo de Intervención  
Psicolóxica en Catástrofes  
e Emerxencias (GIPCE):  
[https://copgalicia.gal/  
grupos-comisions/gipce](https://copgalicia.gal/grupos-comisions/gipce)*



Colexio Oficial de  
Psicoloxía de Galicia

**ASESORÍAS**

## **XURÍDICA**

**Dona Cecilia Barros Díaz**

Tfno.: 981 894 601

[Martes de 17.00 a 20.00 horas]

Fóra deste horario poderanse realizar as consultas a través do enderezo de correo electrónico [a.xuridica@protexdat.com](mailto:a.xuridica@protexdat.com)



## **FISCAL**

**D. José Luis Iglesias Sexto**

Tfno.: 981 588 770

[Venres de 9.00 a 13.00 horas]

## Sobre o uso do termo «víctima»

Desde un punto de vista legal a cualificación dunha muller como vítima de violencia de xénero faise cando se considera que foi ou é suxeito pasivo da acción dun home, ao que lle une ou lle uniu unha relación de afectividade, que merecería por tanto a consideración de agresor. Afirmar que a súa posición, en canto vítima, é pasiva, non pretende ser pexorativo. Pola contra, a denominación implica valorar negativamente ao home, o activo, que sería quen coloca a vítima precisamente nesa posición, é dicir quen vitimiza.

Os e as profesionais da psicoloxía, especialmente quen realiza o seu traballo no ámbito da atención e o tratamento de vítimas da violencia de xénero, facemos uso en moitas ocasións do termo, tamén nos nosos informes escritos, tanto se existe unha sentenza previa que así o determina ou cando menos se existen datos claros que nos permitan inferir que existe ou existiu unha relación asimétrica de dominio do home respecto á muller que produciu un dano na mesma, en moitos casos sen base minimamente clara sobre a que sustentar tal definición, obviando que a consideración de vítima dunha muller implica inexorabilmente que existe un agresor varón, en aplicación da Lei contra a Violencia de Xénero.

Coas últimas reformas legais en materia de atención e tratamento de vítimas, Novo Estatuto da Vítima e Reforma da lei de Protección de Infancia e Adolescencia, si outorgamos o status de vítima de violencia de xénero a unha muller estamos ao tempo engadindo como vítimas ás persoas ao seu cargo e a cargo do «agresor», co que implica de risco de alteración do contacto e por tanto tamén do vínculo paterno filial no caso de menores e incluso, tamén como novidade, de iniciación de proceso de perda da patria potestade. Vemos, polo tanto, que a necesaria atención a quen alega dano e busca unha solución, en moitos casos desesperada e urxente, desde o ámbito da psicoloxía clínica e asistencial, pode condicionar valoracións desde outros ámbitos de traballo, nomeadamente aqueles que implican valoración psicolóxica do dano, como son os periciais. De novo estamos ante a eterna diferenza entre a abordaxe clínica e a pericial, neste caso sobre o mesmo suxeito e con obxectivos diferentes

COMISIÓN DE  
ÉTICA E  
DEONTOLOXÍA



que poden supoñer conclusións encontradas, discrepancias ou mesmo enfrontamentos entre profesionais, co conseguinte prexuízo para o prestixio dos/as implicados/as e da psicoloxía mesma. Para evitar esta indesexable situación é preciso, ao igual que no resto de ámbitos de traballo, sexa ou non con vítimas, observar o Código Deontolóxico e procurar achegar o noso traballo o máis posíbel aos principios recollidos nel.

Aténdonos ao Código Deontolóxico entre os varios artigos que poderíamos vulnerar co uso inconsistente do concepto de vítima desde os ámbitos clínicos, asistenciais ou periciais, e dependendo da gravidade da vulneración, da conciencia –maleficencia– con que se incorre nela e dos prexuízos que co uso desa etiqueta tivesemos causado e que debésemos ter previsto, poderíamos contar os seguintes artigos.

O **artigo 12**, se de forma incauta e imprudente usamos nocións que facilmente dexeneren en etiquetas desvalorizadoras como «agresor», no peor dos casos se o usamos directamente, pero tamén cando o damos a entender implicitamente ao usar o de «vítima».

O **artigo 15**, se nunha intervención na que nos atopemos diante de intereses persoais contrapostos, cando, por exemplo, existe un conflito aberto nunha separación conxugal conflitiva, máxime cando inclúe un litixio pola custodia de menores, outorgamos a categoría de vítima á muller-nai, automaticamente estamos considerando agresor ao home-pai, comprometendo nesta etiquetaxe a nosa necesaria imparcialidade.

O **artigo 29**, pois cando sen fundamento legal previo, ou cando menos, sen o coñecemento de datos que fundamenten a consideración desa situación como de vitimización, intervimos baixo a consideración da paciente, usuaria ou cliente como «vítima» podemos levar a confusións entre o que sería unha valoración puramente pericial e unha intervención clínica, terapéutica ou asistencial.

O **artigo 25**, pois resulta lóxico pensar que un uso inconsistente do termo «vítima» podería considerarse constitutivo de vulneración deste artigo, xa que levaría a un abuso da excepcionalidade da consideración do risco á paciente ou a terceiros, tamén vítimas en virtude das novas leis xa referidas, para non informar

a un proxenitor non privado da patria potestade dunha intervención cos fillos ou fillas.

O **artigo 48**, pois do uso excesivo ou inconsistente do termo vítima derivarase loxicamente unha información que adoece de precisión e rigorosidade, que non expresa o seu alcance e limitacións, o grao de certeza e o seu carácter actual ou temporal.

En calquera caso e de forma xenérica o uso do termo vítima, no canto doutros neutros como paciente, usuaria, cliente ou similares, ou sen un adxectivo acompañante que o limite do tipo presunta ou incluso posible, no caso de non contar coa mínima seguridade xurídica ou apoio de datos certos, non é deontoloxicamente recomendábel tendo en conta o alto risco de incorrer nunha conduta profesional maleficiente, incluso cando inocentemente contamos con estar traballando baixo o principio básico de beneficencia.

*Enlace ao apartado da Comisión de Ética e Deontoloxía da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/grupos-comisions/comision-de-etica-e-deontoloxia>*

### **Grupo de traballo do COPG co Colexio de Xornalistas**

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, a través de esta Comisión para a Defensa da Profesión e para a Prevención do Intrusismo, acordou formar un grupo de traballo xunto co Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia. O obxectivo deste grupo de traballo é realizar un estudo a través do que se acaden un equilibrio entre as dúas profesións: o dereito a informar garantindo o benestar psicolóxico das persoas. Polo tanto, preténdese realizar un traballo conxunto no que abordar temáticas desde os dous ámbitos profesionais, nas que a ética e a deontoloxía teñen un papel moi importante e fronteirizo. As conclusións que se extraían facilitarannos o establecemento de límites e alternativas. O grupo comezará a súa andaina na segunda semana de novembro e presentará o documento final para finais do primeiro trimestre de 2017.

### **COMISIÓN PARA A DEFENSA DA PROFESIÓN E PARA A PREVENCIÓN DO INTRUSISMO**

*Enlace ao apartado da Comisión de Intrusismo da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/grupos-comisions/comision-para-a-defensa-da-profesion-e-para-prevencion-do-intrusismo>*

# ESTATUTOS PARA NÓS

DOS DEREITOS E DEBERES  
DOS COLEXIADOS E COLEXIADAS

FUNCÍONS E FINS

DA ORGANIZACIÓN DO COLEXIO

DO VALEDOR DOS/AS  
COLEXIADOS/AS

DO CONSELLO SOCIAL

OBRIGATORIEDADE DE  
COLEXIACIÓN E DE INSCRICIÓN  
NO REXISTRO DE SOCIEDADES  
PROFESIONAIS

EXERCICIO PROFESIONAL

AS SECCIÓNS

DA PARTICIPACIÓN DOS/AS  
COLEXIADOS/AS

DA COMISIÓN DE  
ÉTICA E DEONTOLOXÍA

DO RÉXIME ECONÓMICO E  
ADMINISTRATIVO

DO RÉXIME DISCIPLINARIO  
E DE DISTINCIÓNS



Colexio Oficial de  
Psicoloxía de Galicia

Rúa da Espiñeira, 10-Baixo  
15706 Santiago de Compostela  
Tfno.: 981 534 049  
Fax: 981 534 983  
copgalicia@copgalicia.gal  
www.copgalicia.gal

#### HORARIO

De luns a xoves de 9.00 a 20.00 h,  
e os venres de 9.00 a 15.00 h

#### Redes sociais

 **Facebook:**  
[www.facebook.com/copgalicia](http://www.facebook.com/copgalicia)

 **Twitter:** @copgalicia

 **LinkedIn:** [www.linkedin.com](http://www.linkedin.com)  
(Grupo: Colexio Oficial  
de Psicoloxía de Galicia)

#### Membro da EFPA

Federación Europea de  
Asociacións Profesionales  
de Psicólogos